Na materia de música, os obxectivos de coñecemento, axustados aos criterios de avaliación, móstranse de forma interrelacionada e cada actividade presenta estándares de aprendizaxe avaliáveis dos diferentes bloques.

- Interpretación e creación
- escoita
- Contextos musicais e culturais
- Música e tecnoloxías

Cada unidade didáctica presenta actividades que implican mecanismos complexos e competenciais de maneira que se integren os contidos de todos os bloques. Os estándares de aprendizaxe avaliáveis encóntranse presentes en maior o menor grado en todas as actividades de todas as unidades.

Así mesmo, cada audición, interpretación ou creación precisa coñecementos e habilidades combinadas.

Criterios de corrección

En cada actividade a realizar se especifican os criterios de corrección. Así, nas audicións, todas as preguntas ben puntúan con un positivo; unha ou dúas preguntas mal puntúan medio positivo e con máis de dous preguntas mal a audición xa non puntúa nada. Se non se fan ou non se entregan ao profesor puntúan cun negativo. Os ditados ben ou con un erro puntúan o positivo completo; se teñen dous ou tres erros puntúan con medio positivo; con máis de tres erros o ditado non puntúa nada. No resto de probas, os exercicios e as preguntas cun erro non puntúan nada. Os xogos, traballos de creación-interpretación e de investigación-exposición evalúanse con listas de cotexo, escalas ou rúbricas consensuadas co alumnado. A non entrega de traballos en tempo e forma puntúa con cinco negativos. Os traballos en grupo tamén se avaliarán en autoavaliación e/ou coavaliación cun máximo de dous positivos cada unha. As prácticas de interpretación, movemento e danza e relaxación puntúan un positivo se se fan completas e ben e medio se se fan a medias; Se non se rematan ou a actitude non é de traballo serio, puntúan cun negativo. Algunhas prácticas, pola súa complexidade, puntuarán con dous positivos consensuándoo co alumnado.

Procedementos de avaliación

Na avaliación do alumnado empregaremos a avaliación individual e colectiva, a autoavaliación, a coavaliación e a coavaliación intragrupal. Aplicaremos técnicas semiformais e formais variadas (observación sistemática, análises das producións dos alumnos, intercambios orais cos alumnos,

probas específicas, rúbricas, intereses e actitudes...) empregando diversos instrumentos (escalas, listas de control, resumes, textos escritos, producións orais e musicais, resolución de exercicios e problemas, investigacións, xogos, postas en común, asembleas, probas obxectivas e probas abertas, probas de interpretación de datos, exposicións, probas de capacidade motriz, probas de destreza auditiva e interpretativa, etc.)

A avaliación referirase non só á adquisición de coñecementos conceptuais, senón tamén, ó dominio das capacidades e procedementos fixados no currículo; así como a asistencia, o traballo, e ás actitudes manifestadas polo alumno-a ó longo do curso.

A pesar de que a avaliación é continua, fraccionaremos os contidos fixados en tres períodos avaliábeis de forma independente, a nota final do curso será a media entre as notas obtidas nos tres trimestres lectivos. Polo carácter práctico da materia e a interrelación entre os contidos dos distintos bloques, os contidos que non son adquiridos nunha actividade aparecen noutras nas que si poden ser adquiridos. Por isto, as sucesivas actividades do curso pasan a ser tamén actividades de recuperación.

Os alumnos que suspendan a materia, deberán asistir as probas extraordinarias de setembro. Os alumnos que perdan o dereito á avaliación continua poderán facer ditas probas en xuño e os que teñan a materia pendente poderán facelas en maio.

Instrumentos de avaliación

Na avaliación do alumnado empregaremos diversos instrumentos:

- Escalas
- Rúbricas
- Listas de cotexo
- Resumes
- Textos escritos
- Producións orais
- Producións musicais
- Producións de movemento e danza
- Probas de capacidade motriz
- Probas de destreza auditiva e interpretativa.
- Resolución de exercicios e problemas
- Investigacións
- Xogos
- Postas en común
- Asembleas
- Probas obxectivas e probas abertas
- Probas de interpretación de datos
- Exposicións
- Ditados, etc.

Criterios de cualificación

Para acada-lo aprobado o alumno/a ten que acada-los contidos mínimos establecidos para a materia e obter un cinco de nota media final. Ditos contidos agrupan e combinan comportamentos, procedementos e conceptos, pois de non ser así o alumno non pode acada-

los obxectivos de etapa e non permite que os compañeiros os acaden, dada a estreita relación que hai entre eles nesta materia. É necesario potenciar actitudes que permitan que as clases de música transcorran nun clima de respecto, de participación e de atención á diversidade do alumnado. O mal comportamento, a desidia no traballo ou na asistencia, a non participación nas actividades da aula, ou non respecta-las normas de convivencia ou educación na mesma, son motivos máis que suficientes para non acadalo aprobado na materia pois inciden de maneira directa non só sobre o desenvolvemento do alumnos/a en cuestión senón tamén sobre o desenvolvemento dos compañeiros.

Os alumnos realizarán exames e traballos de composición e interpretación, así como traballos de investigación e exposición na aula que puntuarán de 0 a 10. Elaborarán resumos de textos e temas do libro, cuestionarios sobre as unidades traballadas na aula, farán xogos de preguntas e respostas sobre os contidos traballados, exercicios de interpretación instrumental e vocal, de movemento e danza, de discriminación e recoñecemento auditivo, prácticas de organización de concertos (localización, temporalización, elaboración do proxecto, coordinación do mesmo, escenografía, vestuario, publicidade, etc.), actividades de informática musical, etc. En xeral, asumiremos todo tipo de actividades vinculadas coa materia que xurdan ó longo do curso, especificando para cada unha de elas cales serán os criterios de corrección e puntuación. Estas actividades serán valoradas con positivos e negativos. Cada negativo eliminará un positivo, e a actitude e a participación en clase, así como o traballo dentro e fóra dela, pode ser premiado cun positivo ou sancionado cun negativo. Ao final de cada trimestre obterase unha nota numérica de 0 a 10 en función do número de actividades realizadas e do número de positivos obtidos. O número máximo de positivos posible representará o 10 e o resto de notas, de 0 a 9, obterase por correlación lineal. A nota final será a media de todas as notas numéricas de 0 a 10 obtidas durante o trimestre.

Na ESO a falta de asistencia reiterada ás actividades de formación é motivo de perda do dereito de avaliación continua. Isto sucedera cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 10% do horario establecido ou cando o número de faltas xustificadas supere o 20% do horario establecido. Os alumnos/as que perdan dito dereito terán que realizar un exame que versará sobre os contidos do curso correspondente. Tamén se realizarán probas de recuperación parciais se o profesor o considera necesario.

Procedementos para a realización da avaliación inicial

- Realización de probas específicas referidas aos mínimos esixibles e baseadas en exercicios variados (preguntas cortas, preguntas a desenvolver, completar, relacionar, verdadeiro/falso, corrección de erros, selección e clasificación de elementos, resposta múltiple, lectura, recoñecemento auditivo, produción, etc.). Este curso, a proba contén os seguintes exercicios: completar compases 1 punto, poñer barras de compás, 1 punto, poñer correctamente o nome ás notas 1 punto, clasificar instrumentos musicais 1 punto, recoñecer instrumentos 1 punto, posicionar notas na frauta doce 2 puntos. Tamén faremos probas de recoñecemento auditivo, lectura e produción musical que non serán avaliadas numericamente.
- Elaboración de cuestionarios individuais que posteriormente se traballarán e debaterán na clase de xeito colectivo. Este curso o cuestionario versará sobre os seus gustos e coñecementos musicais, as súas inquiredanzas e intereses musicais, as actividades artísticas que desenvolven ou desenvolveron e o ambiente musical no seu entorno.
- Participación en debates.

- Realización de entrevistas persoais

Medidas de atención á diversidade

A diversidade na aula pode afectar a varios aspectos que, a súa vez, poderíamos sintetizar en catro:

- diversidade cultural, xeográfica ou económica
- diversidade de intereses musicais, o antimusicais
- diversidade de aptitudes ou capacidades
- discapacidades dalgún tipo

O profesor debe dar resposta educativa á diversidade dende unha actitude aberta e receptiva, atopando solucións adaptadas ás necesidades en cada caso. Para iso a experiencia musical fórmulase dende diferentes vías: interpretación, indagación, creación, reflexión, debate, escoita, etc.

As actividades admiten diferentes niveis de afondamento e complexidade. Ademais, a participación dentro do grupo pódese facer a diferentes niveis. Así por exemplo, na práctica instrumental, se presentan pasaxes improvisatorios, liñas rítmico-melódicas e acompañamentos sinxelos. Isto permite unha interpretación adaptada a cada grupo e unha distribución de papeis segundo as habilidades individuais de cada alumno/a. Considerando que a interpretación colectiva funciona como un engranaxe, o esforzo e as posibilidades de cada alumno/a contribuirán da mesma maneira ó efecto global, e ó éxito da peza. A avaliación inicial é unha boa ferramenta para detectar esas diferenzas nos niveis e nos permitirá facer os axustes necesarios para unha boa marcha da clase. Noutras actividades, nas que o alumnado soe ter máis dificultades, como por exemplo as audicións comprensivas, a metodoloxía cooperativa facilita a adquisición dos contidos e o logro dos obxectivos axustando a participación do alumno dentro do grupo a súas capacidades.

Outro aspecto onde podemos atopar dificultades á hora de axustar os niveis do alumnado é a creación. Para facilitarlles a tarefa ós alumnos e alumnas as actividades de creación fórmulanse en grupo cando poden resultar complexas, fomentando a aprendizaxe cooperativa; e fórmulanse de xeito individual cando son actividades accesibles a todos eles.

Programa de educación en valores

A música, pola súa condición de ciencia e arte, colabora no desenvolvemento da persoa no plano intelectual (organización de ideas), emocional e afectivo (expresión persoal e interrelación cos demais).

Por todo isto a música posúe un gran potencial no desenrolo do equilibrio persoal e a formación de hábitos de escoita, control, cooperatividade, tolerancia e respecto polos demais e polo entorno.

Dende a área de Música contribuiremos ao programa de educación en valores cos seguintes obxectivos:

- Afondar no respecto e tolerancia cara outras culturas e cara a pluralidade cultural de España a través do coñecemento e desfrute das súas manifestacións musicais.
- Valora-lo esforzo compartido e o esforzo individual a través do traballo en grupo
- Desenvolver a responsabilidade e o respecto aos demais.

Contidos:

- Diferenciación das características básicas dos ritmos latinos, o flamenco, o gamelán e o jazz.
- Valoración da participación efectiva nun grupo para a consecución dos obxectivos.
- Reflexión sobre os procesos de adquisición de coñecementos propios e alleos.

Actividades:

- Audicións activas e prácticas de interpretación e baile de ritmos latinos, flamencos, gamelán e jazz.
- Creación, interpretación e investigación en grupo.
- Participación nos procesos de avaliación mediante a autoavaliación e a coavaliación.

Os instrumentos de avaliación e criterios de corrección serán os xa expostos nos correspondentes apartados.

Accións de contribución ao plan TIC

A área de Música ten bloques de contidos que están directamente ligados ao desenvolvemento da competencia dixital. O traballo no bloque de contidos “As tecnoloxías aplicadas ao son” de Bacharelato e “Música e tecnoloxías” de 3º da ESO é a nosa achega á adquisición de dita competencia. Nas táboas figuran os obxectivos e os criterios de avaliación. Os instrumentos de avaliación figuran no seu apartado específico.

Accións de contribución ao plan de convivencia

O departamento de música contribúe á mellora da convivencia traballando pola inclusión da metodoloxía cooperativa nas aulas, aplicando os principios de atención á diversidade que se inclúen nesta programación, traballando na aula cunha metodoloxía participativa na que se fomenta a adquisición de hábitos democráticos e de respecto mutuo, motivando ao noso alumnado a participar no programa de mediación entre iguais para a resolución de conflitos e fomentando as actividades musicais en grupo e o traballo en equipo a través do traballo na aula e das actividades extraescolares. Nas táboas se recollen as actividades programadas en función

desta metodoloxía, os criterios de avaliación e os instrumentos de avaliación que inclúen descritores para medir o grado de participación, traballo e respecto.

Accións de contribución ao proxecto lector

A lectura é sen dúbida un dos cabalos de batalla no contexto educativo. Se conseguimos que os alumnos lean ben, teñan unha boa comprensión lectora, unha boa dicción, un bo ritmo e unha boa entoación, a lectura converterase nun instrumento esencial de aprendizaxe, de comprensión da realidade e de integración cultural e social. Co fin de contribuír á consecución destes obxectivos a área de música traballará na aula con metodoloxía cooperativa e traballos en grupo nos que os alumnos terán que buscar información en diversas fontes na procura datos; ler, seleccionar e tratar textos; traballar a comprensión lectora facendo resumos e esquemas aos seus propios compañeiros e expoñer oralmente traballos escritos. Na avaliación destes traballos e da comprensión lectora participará o propio alumnado.

Tamén contribuiremos ao desenvolvemento da capacidade de ler en varias linguas de forma amena, traballando cancións na súa versión orixinal.

Finalmente, motivamos ao alumnado á lectura de textos literarios, dando a posibilidade de subir nota mediante a realización voluntaria dunha proba de comprensión lectora sobre a lectura de novelas recomendadas de contido musical que o departamento ten a disposición do alumnado na biblioteca do instituto. (“El Enigma Vivaldi” de Peter Harris, “La Décima Sinfonía de Beethoven” de Joseph Gelinek, “El violín del Diablo” de Joseph Gelinek, “Morir a los 27” de Joseph Gelinek)

Actividades complementarias e extraescolares

Se é posible, realizaranse as seguintes actividades complementarias e extraescolares:

- Continuaremos coas clases voluntarias de canto e práctica instrumental nos recreos
- Participaremos na festa do magosto e na celebración do día da paz cun baile e un pequeno concerto
- Con motivo do día das letra galegas organizaremos un pequeno espectáculo musical
- Montaremos un Flashmob para final de curso e realizaremos unha saída dun día no mes de xuño para facelo en público.
- Trataremos de asistir a algunha actividade musical que se realice fóra do centro. Como un concerto de música do século XX en Vigo durante o primeiro trimestre, unha viaxe a Celanova xunto co departamento de galego para coñecer-lo órgano durante o segundo trimestre e unha viaxe a Madrid para asistir ao musical “El rey león” durante o terceiro trimestre.
- Organizaremos algún concerto ou espectáculo fóra do centro.

- Participaremos, dentro do posible, nas festas e actividades do centro.
- Organizaremos actividades de coro e conxunto instrumental

Todas estas actividades levaranse a cabo cos diferentes cursos, procurando que poidan participar todos os nenos/as, incluíndo os que non teñan música como materia e ós antigos membros do coro que, non sendo xa alumnado do centro, desexen participar nas actividades.

Ademais o departamento ofrece novela de temática musical e unha fonoteca con servizo de préstamo na biblioteca do instituto.

Obxectivos:

- Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- Desenvolver a sensibilidade artística, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- Saber comportarse como espectador/a e intérprete
- Controlar o medo escénico nas actuacións.
- Interpretar de memoria, individualmente ou conxuntamente, fragmentos de obras.
- Valorar as achegas do grupo e desenvolver o espírito crítico.
- Reforzar os contidos traballados no curso, favorecendo a consecución dos obxectivos do mesmo e contribuíndo ao desenvolvemento das competencias clave.

Instrumentos de avaliación:

- Rúbrica para avaliar a actitude en actividades musicais e o control do medo escénico.
- Escala de avaliación do concerto.
- Rúbrica para avaliar a escoita activa en audicións.
- Rúbrica da avaliación da practica de movemento

Contribución á adquisición das competencias clave

Co desenvolvemento destas actividades complementarias e extraescolares contribuímos á adquisición das seguintes competencias clave:

- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Mínimos esixibles e actividades de reforzo/recuperación

Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Actividades de reforzo/recuperación
Bloque 1. Interpretación e creación		

Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Actividades de reforzo/recuperación
MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	Exercicios con Programas de aprendizaxe da linguaxe musical
MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.	Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.	Exercicios de análises de partitura e análises de audición
MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.	Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais traballados na aula.	Lectura e resumo de textos obrigados. Exercicios de análises de audición.
MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	Lectura e resumo de textos obrigados. Exercicios prácticos
MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.	Canta en grupo pezas vocais propostas mostrando interese por aplicar técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.	Prácticas de interpretación vocal
MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.	Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.	Exercicios de relaxación, respiración, articulación, resonancia e entoación.
MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.	Mostra interese e esforzo por aplicar as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.	Prácticas de interpretación
MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.	Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.	Lectura e resumos de textos obrigados.
MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.	Realiza composicións partindo de pautas previamente establecidas.	Exercicios de creación
MUB1.5.2. Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	Lectura e resumo de textos obrigados
MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de	Interpreta de memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.	Prácticas de memorización de obras

Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Actividades de reforzo/recuperación
notación, adecuadas ao nivel.		
MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	Interpreta de memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	Prácticas de memorización
MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.	Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.	Lectura e resumos de textos obrigados
MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	
MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.	Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.	
MUB1.7.1. Aмосa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas.	Aмосa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas.	
MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.	Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.	
Bloque 2. escoita		
MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.	Explora as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.	Lectura e resumo de textos obrigados Exercicios de improvisación vocal e instrumental
MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición.	Le e analiza partituras como apoio á audición.	Exercicios de análises de audición con apoio de partituras
MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	Lectura e resumo de textos obrigados
MUB2.4.1. Aмосa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.	Aмосa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas.	Lectura e resumo de textos obrigados
MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.	Recoñece músicas de diferentes culturas e épocas históricas.	Exercicios de audición comprensiva e recoñecemento
MUB2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras	Describe, de xeito básico, os diferentes	Exercicios de audición e análises musical

Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Actividades de reforzo/recuperación
musicais propostas usando distintas linguaxes.	elementos das obras musicais propostas.	
MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.	Utiliza recursos, de xeito dirixido, como apoio ao análise musical.	Lectura e resumo de textos obrigados Ejercicios de análises
MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito escrito.	Lectura e resumo de textos obrigados.
Bloque 3. Contextos musicais e culturais		
MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relacións con épocas da historia da música e con outras disciplinas.	Expresa contidos musicais e relacións con épocas da historia da música.	Lectura e resumo de textos obrigados Ejercicios de análises e de audición
MUB3.1.2. Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen.	Recoñece manifestacións da danza identificando a época histórica á que pertencen.	Lectura e resumo de textos obrigados
MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.	Distingue as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.	Lectura e resumo de textos obrigados
MUB3.2.1. Amona interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición	Amona interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición	Lectura e resumos de textos Traballo de investigación e exposición
MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.	Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.	Ejercicios de análises de audición e partitura
MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.	Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.	Lectura e resumo de textos obrigados Ejercicios de análises de audición
MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.	Mostra interese por comprender a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.	Traballo de investigación, valoración crítica e exposición
MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.	Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.	Ejercicios de audición comprensiva
MUB3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito escrito.	Ejercicios de análises de audición e partitura
MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha	Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas	Traballo de investigación, crítica e exposición

Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Actividades de reforzo/recuperación
revisión crítica desas producións.	producións.	
MUB3.6.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	Lectura e resumo de textos obrigados
Bloque 4. Música e tecnoloxías		
MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.	Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías.	Lectura e resumo de textos obrigados
MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.	Participa en algúns aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.	Lectura e resumo de textos obrigados Traballo de edición de partituras e/ou creación de base rítmica.
MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.	Utiliza con certa autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.	Lectura e resumo de textos obrigados Elaboración de unha exposición con recursos tecnolóxicos. (Audio, vídeo, power point...)

Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor

Os plans específicos terán como obxectivo incidir na mellora da aprendizaxe e motivación do alumnado e dedicarán especial atención aos aspectos actitudinais (mellorar os hábitos de disciplina, estudo e traballo tanto individual como en equipo). Ademais deben contribuír á mellora e reforzo de procedementos básicos como a lectura e a escritura.

A partires dos estándares de aprendizaxe non demostrados polo alumno, e das actividades de reforzo e recuperación asociadas a el, o profesor establecerá un programa de actividades personalizado para cada alumno repetidor. Ditas actividades deberán servir como reforzo para facilitarlle a adquisición das aprendizaxes coas que tivo máis dificultades o curso anterior. O profesor do curso ocuparase da elaboración e do seguimento individualizado do programa, así como da planificación temporal do mesmo.

Plan de traballo para superación de materias pendentes

Os alumnos que teñan a materia de Música pendente de cursos anteriores, seguirán un plan de traballo, baseado en actividades titoradas, destinado a mellorar os aspectos cos que tivo máis dificultades o curso pasado e recuperar as aprendizaxes non adquiridas. O alumnado coa materia pendente deberá superar a avaliación correspondente ao mencionado plan e deberá presentarse a unha proba que terá lugar en maio. De non superar a avaliación do plan de traballo ou non acadar o cinco na proba de maio os alumnos deberán presentarse ao exame de setembro que corresponda.

O profesor establecerá o plan de traballo a partires dos estándares de aprendizaxe non demostrados polo alumno, e das actividades de reforzo e recuperación asociadas a el, Ditas actividades deberán servir para que o alumno/a poida traballar nos aspectos cos que máis dificultades tivo o curso pasado. A proba versará sobre os mínimos esixibles.

Os alumnos/as con materias pendentes pódense atopar en dúas situacións:

- . Que o alumno/a pase ao curso seguinte e que estea matriculado en dita materia. Neste caso será o profesor que lle imparta clase da materia no curso vixente quen elaborará o plan de traballo, fará o seguimento ao longo do curso, o planificará temporalmente, e determinará e avaliará as probas de recuperación que o alumno/a poderá facer en maio. De non superar a avaliación do plan de traballo ou non acadar o cinco na proba de maio os alumnos deberán presentarse ao exame de setembro que corresponda.
- . Que o alumno/a pase ao curso seguinte e que non estea matriculado en dita materia. Neste caso será o profesor que imparta a materia no curso ao que pasa o alumno/a quen elaborará o plan de traballo, fará o seguimento ao longo do curso, o planificará temporalmente, e determinará e avaliará as probas de recuperación que o alumno/a poderá facer en maio, todo isto en colaboración co titor/a do alumno. De non superar a avaliación do plan de traballo ou non acadar o cinco na proba de maio os alumnos deberán presentarse ao exame de setembro que corresponda.

Os alumnos que perdan o dereito a avaliación continua poderán acadar o aprobado na

materia correspondente superando as probas que determine o profesor do curso. Ditas probas versarán sobre os contidos do curso e terán lugar en xuño. De non acadar o aprobado, os alumnos deberán presentarse ao exame de setembro que corresponda.

Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación das materias pendentes

Na avaliación do alumnado empregaremos diversos instrumentos dependendo dos estándares de aprendizaxe a avaliar:

- Escalas
- Rúbricas
- Listas de cotexo
- Resumes
- Textos escritos
- Producións orais
- Producións musicais
- Producións de movemento e danza
- Probas de capacidade motriz
- Probas de destreza auditiva e interpretativa.
- Resolución de exercicios e problemas
- Investigacións
- Probas obxectivas e probas abertas
- Probas de interpretación de datos
- Exposicións
- Ditados, etc.

Todas as actividades que constitúan o plan de traballo serán puntuadas con positivos, ou negativos no caso de non ser entregadas e/ou feitas en tempo e forma. Cada negativo eliminará un positivo. Ao final do programa obterase unha nota numérica de 0 a 10 en función do número de actividades realizadas e do número de positivos obtidos. O número máximo de positivos posible representará o 10 e o resto de notas, de 0 a 9, obterase por correlación lineal. Para aprobar, o alumno/a deberá acadar polo menos un 5.

Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto

O libro de texto para este curso será Música II da editorial Teide. Traballaremos tamén cos libros, CDs, vídeos, instrumentos e material informático que temos no departamento. Empregaremos recursos en rede de spotify, youtube, el-atril e IMSLP/Petrucci Music Library. Tamén utilizaremos software libre para edición de partituras, secuenciación, edición de audio, edición de vídeo, adestramento auditivo e aprendizaxe da linguaxe musical.

Procedementos para avaliar a propia programación

Periodicamente, cada membro do departamento cubrirá unha ficha na que especificará se se acadaron os obxectivos propostos para ese período. En caso de resposta negativa, o profesor deberá especificar os motivos, determinando que medidas aplicará para chegar a tempo ao seguinte obxectivo parcial.

ÍNDICE

4º ESO					
Cd. centro		Centro	IES Rodeira	Concello	Cangas
Departamento	Música				

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA-MÚSICA “Música” 3º ESO	
Índice	Páxina
Introdución e contextualización	65
Competencias clave e contidos do currículo	66
Criterios de avaliación, Contidos, Obxectivos, estándares de aprendizaxe e competencias clave.	67
Actividades	71
Metodoloxía	73
Temporalización	74
Avaliación	74
Criterios de corrección	75
Procedementos	75
Instrumentos de avaliación	76
Criterios de cualificación	77
Procedementos para a realización da avaliación inicial	77
Medidas de atención á diversidade.	78
Programación da educación en valores.	78
Accións de contribución ao plan TIC	79
Accións de contribución ao plan de convivencia	79
Accións de contribución ao proxecto lector	80
Actividades complementarias e extraescolares	80
Mínimos esixibles e actividades de reforzo/recuperación	82
Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor	86
Plans de traballo para superación de materias pendentes	87
Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación das materias pendentes	88
Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto	88
Procedementos para avaliar a propia programación	89

Música 4º ESO

Introdución e contextualización

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como Internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.

Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos: "Interpretación e creación" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa; "Escoita" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical; "Contextos musicais e culturais" relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e

ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico; e finalmente, "Música e tecnoloxías" pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha vinculación entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula.

Xa como remate, vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito colaborativo, onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para o contorno social.

Competencias clave

- a) Comunicación lingüística
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- c) Competencia dixital
- d) Aprender a aprender
- e) Competencias sociais e cívicas
- f) Sentido da iniciativa e espírito emprendedor
- g) Conciencia e expresións culturais

Contidos do currículo oficial

Os contidos, despregados no cadro seguinte, organízanse en catro bloques:

1. Interpretación e creación
2. escoita
3. Contextos musicais e culturais
4. Música e tecnoloxías

Os catro están relacionados entre si, xa que comparten múltiples contidos, pero esta división permite que sexa máis abordable seu estudo.

1. Interpretación e creación integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá aos estudantes participar da música dunha forma activa, como músicos.

2. escoita pretende crear a primeira actitude fundamental cara este arte e dotar ao alumnado das ferramentas básicas para gozar da música a través da audición e a comprensión do feito musical.

3. Contextos musicais e culturais relaciona a música coa cultura e a historia, da a coñecer o valor do patrimonio musical español e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico.

4. Música e tecnoloxías pretende abarcar o coñecemento e a práctica da interacción entre a música e as novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado de Educación Secundaria

Obrigatoria, polo que se pretende xerar una vinculación entre a linguaxe tecnolóxico que utilizan habitualmente e a música dentro da aula.

Criterios de avaliación, contidos, obxectivos, estándares de aprendizaxe e competencias clave

Música. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Interpretación e creación				
a b c m n	B1.1. Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación vocal e instrumental, e no movemento e a danza. B1.2. Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación.	B1.1. Ensaiar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental, ou unha coreografía, aprendidas de memoria a través da audición ou da observación de gravacións de audio e vídeo, ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos.	MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.	CAA CSC
			MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación.	CCEC
			MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.	CSC
a b c g l n	B1.3. Planificación, ensaio, interpretación, dirección e avaliación de espectáculos musicais na aula e noutros espazos e contextos. B1.4. Perseveranza na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación individual e en grupo, e a creación musical.	B1.2. Participar activamente nalgúnhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro docente: planificación, ensaio, interpretación, difusión, etc.	MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.	CCEC CSC
b e f g l n	B1.5. Utilización de técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, na elaboración de arranxos e na creación de pezas musicais.	B1.3. Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos.	MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.	CD CMCCT
			MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.	CD
a c	B1.6. Ámbitos profesionais da música. Identificación e descrición das facetas e as	B1.4. Analizar os procesos básicos de creación, edición	MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en	CSC CSIEE

Música. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e g l n	especialidades no traballo dos/das músicos/as. B1.7. Interese por coñecer as posibilidades que ofrece a música nos ámbitos persoal e profesional.	e difusión musical, considerando a intervención de distintos/as profesionais.	diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.	
Bloque 2. escoita				
b e f h l n	B2.1. Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas.	B2.1. Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras, textos ou musicogramas.	MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.	CMCCT CCL CSC
			MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición.	CCEC
a c e h i l n	B2.2. A crítica como medio de información e valoración do feito musical. Análise de críticas musicais e uso dun vocabulario apropiado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.	B2.2. Expor de xeito crítico a opinión persoal respecto de distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación coa información obtida en diversas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas, etc.	MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.	CCL CCEC
h i l n o	B2.3. Rigor na utilización dun vocabulario adecuado para describir a música.	B2.3. Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais.	MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.	CCL CCEC
a h i l l	B2.4. Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos	B2.4. Recoñecer auditivamente, clasificar, situar no tempo e no espazo, e determinar a época ou a cultura e o estilo das obras musicais escoitadas previamente na aula, amosando apertura e respecto polas novas propostas musicais e	MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbeseo utilizando unha terminoloxía axeitada.	CCL CCEC
			MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.	CCEC CSC

Música. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	medios de comunicación.	interesándose por ampliar as súas preferencias.	MUB2.4.3. Aмосa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.	CSC CCEC
a e f g l n	B2.5. Edición, comercialización e difusión da música. Novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os/as profesionais da música e a industria musical.	B2.5. Distinguir as funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal e medio de difusión utilizado.	MUB2.5.1. Aмосa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.	CD CSC
a h l n	B2.6. A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e nas modas musicais. B2.7. Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.	B2.6. Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade.	MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.	CCL CCEC CSC
Bloque 3. Contextos musicais e culturais				
a b c e f h l n ñ	B3.1. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical español e galego.	B3.1. Apreciar a importancia patrimonial da música española e galega, e comprender o valor de conserva-la e transmitila colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.	MUB3.1.1. Aмосa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego. MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social.	CSC CCEC CSC CCEC
a b e l n	B3.2. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais. B3.3. Manifestacións musicais doutras culturas.	B3.2. Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural.	MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais. MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.	CSC CCEC CSC CCEC
a	B3.4. A música ao servizo	B3.3. Realizar exercicios que	MUB3.3.1. Elabora traballos	CCL

Música. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b e h g i l n	<p>doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.</p> <p>B3.5. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.</p>	reflictan a relación da música con outras manifestacións artísticas.	de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.	CSC CAA
a b c e h i l n	<p>B3.6. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre música popular urbana.</p> <p>B3.7. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.</p> <p>B3.8. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.</p>	B3.4. Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana actual.	<p>MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.</p> <p>MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.</p>	CAA CSC CCL CD
Bloque 4. Música e tecnoloxías				
e f g l n	<p>B4.1. Papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son e a aparición dos computadores.</p> <p>B4.2. Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas.</p>	B4.1. Valorar o papel das tecnoloxías na formación musical.	<p>MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.</p> <p>MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.</p>	CAA CD CMCCT CSC CSIEE
e f g l n	B4.3. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de Internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo e a escoita, a interpretación e a creación musical.	B4.2. Aplicar as técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.	MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.	CSC CD

Música. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e f g l n	B4.4. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.	B4.3. Sonorizar unha secuencia de imaxes fixas ou en movemento utilizando diferentes recursos informáticos.	MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.	CAA CD
			MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.	CD CCEC CMCCT
e f g h l n	B4.5. Análise das funcións da música en producións audiovisuais: publicidade, televisión, cine, videoxogos, etc.	B4.4. Caracterizar a función da música nos medios de comunicación (radio, televisión, cine, etc.) e as súas aplicacións na publicidade, nos videoxogos e noutras aplicacións tecnolóxicas.	MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.	CAA CD
a e f g l n	B4.6. Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais. B4.7. Valoración crítica da	B4.5. Coñecer as posibilidades das tecnoloxías aplicadas á música e utilízalas con autonomía.	MUB4.5.1. Aмосa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.	CD CCEC
			MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.	CD CCL CAA
			MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.	CAA CL CD

Actividades

Bloque 1. Interpretación e creación

		Actividades
Contidos		
B1.1. Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación vocal e instrumental, e no movemento e a danza.	B1.2. Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación.	Prácticas de interpretación vocal, instrumental e de movemento e danza ao longo do curso
B1.3. Planificación, ensaio, interpretación, dirección e avaliación de espectáculos musicais na aula e noutros espazos e contextos.		O concerto: organización e práctica
B1.4. Perseveranza na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación individual e en grupo, e a creación musical.		Prácticas de interpretación vocal, instrumental e de movemento e danza ao longo do curso
B1.5. Utilización de técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, na elaboración de arranxos e na creación de pezas musicais.		Traballos en grupo, de composición e interpretación en público, ao longo do curso.
B1.6. Ámbitos profesionais da música. Identificación e descrición das facetas e as especialidades no traballo dos/das músicos/as.	B1.7. Interese por coñecer as posibilidades que ofrece a música nos ámbitos persoal e profesional.	Exercicios e traballos de investigación e exposición en público. Debate
Bloque 2. Escoita		
B2.1. Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas.		Exercicios e análises de audicións ao longo do curso
B2.2. A crítica como medio de información e valoración do feito musical. Análise de críticas musicais e uso dun vocabulario apropiado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.		Exercicios, análises e elaboración de críticas ao longo do curso
B2.3. Rigor na utilización dun vocabulario adecuado para describir a música.		Exercicios, análises e elaboración de críticas ao longo do curso

<p>B2.4. Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación.</p>	<p>Exercicios e traballos de investigación ao longo do curso</p>
<p>B2.5. Edición, comercialización e difusión da música. Novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os/as profesionais da música e a industria musical.</p>	<p>Traballo en grupo cooperativo Debate</p>
<p>B2.6. A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e nas modas musicais. B2.7. Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.</p>	<p>Traballo en grupo cooperativo Debate</p>
<p>Bloque 3. Contextos musicais e culturais</p>	
<p>B3.1. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical español e galego.</p>	<p>Exercicios, análises de audicións e prácticas de interpretación histórica ao longo do curso Traballos de investigación e exposición en público. Debate</p>
<p>B3.2. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais. B3.3. Manifestacións musicais doutras culturas.</p>	<p>Análises de audicións e prácticas de interpretación ao longo do curso Traballos de investigación e exposición en público Debate</p>
<p>B3.4. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria. B3.5. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.</p>	<p>Análises e creación en grupo Debate</p>
<p>B3.6. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre música popular urbana. B3.7. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela. B3.8. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.</p>	<p>Traballos de investigación en grupo e exposición en público Análises Debates</p>

Bloque 4. Música e tecnoloxías	
B4.1. Papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son e a aparición dos computadores. B4.2. Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas.	Debate
B4.3. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo e a escoita, a interpretación e a creación musical.	Traballo en grupo cooperativo
B4.4. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.	Traballo en grupo cooperativo
B4.5. Análise das funcións da música en producións audiovisuais: publicidade, televisión, cine, videoxogos, etc.	Traballo de investigación en grupo cooperativo Debate
B4.6. Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais. B4.7. Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais.	Traballo en grupo Debate

Metodoloxía

Na selección e tratamento dos textos procurase:

- Empregar vocabulario que coñece o alumnado e amplialo.
- Considerar a bagaxe cultural que teñen.
- Esquematiza-los textos.
- Aplicar aprendizaxe cooperativa

Na selección de actividades buscase:

- Que sexan áxiles de plantexar e de resolver.
- Que permitan traballara música colectivamente.
- Que conecten emocionalmente co alumnado.
- Que potencien o traballo en grupo.

O libro estrutúrase en dez unidades que traballan os núcleos temáticos aos que se refire o currículo oficial; escoita, interpretación e creación, contextos musicais e culturais e música e tecnoloxía.

Os catro núcleos de contido están incluídos de forma transversal nas unidades do libro, pero hai unha unidade final con abundante repertorio para traballara interpretación e a improvisación musical.

Nos materiais didácticos pretendese abordar de forma clara e práctica as competencias musicais e transversais que o alumnado debe adquirir.

Os textos explicativos

Considerando o momento evolutivo no que se atopa o alumnado, preséntanse conceptos claros e a inmediata experimentación práctica da música desenvolvendo as habilidades adquiridas.

Cada unidade didáctica sigue a mesma estrutura que facilita a adquisición dos aprendizaxes e contidos a través da lectura dos textos explicativos e a resolución das actividades.

As actividades

O libro articúlase con actividades de diferente tipoloxía, considerando que a interiorización dos contidos é máis efectiva si parte da propia experiencia.

En cada unidade, despois dunha breve presentación do concepto que se debe traballar, enúncianse as actividades que permiten experimentalo e comprobalo. A maior motivación parte do éxito obtido, que está asegurado coas actividades propostas, a metodoloxía cooperativa e o traballo en grupo.

As audicións

As audicións están asociadas ás actividades. Son fragmentos de obras representativas, producións propias deseñadas para ilustrar procesos musicais e bases instrumentais que acompañan os temas que teñen que interpretar. Tamén hai acompañamentos nos que pódese improvisar rítmica e melodicamente.

Os vídeos

Nas distintas unidades do libro hai fragmentos audiovisuais. Estes estímulos visuais e auditivos mostra noutra maneira de escoitar a música, asociada á imaxe. Tamén hai vídeos demostrativos de procesos tecnolóxicos relacionados coa música. A imaxe capta a atención e enriquece a percepción.

Temporalización

Os catro bloques traballaranse ao longo do curso seguindo o criterio histórico como eixe para o desenrolo e a adquisición dos contidos. Na primeira avaliación traballaremos ata o Barroco, na segunda avaliación ata o Romanticismo e na terceira avaliación ata a actualidade.

Avaliación

Empregaremos rúbricas para describir os criterios e niveis *de consecución de calidade dos estándares de aprendizaxe*. Por un lado, detállanse cales son os estándares de aprendizaxe e, polo outro, cales son os niveis de consecución dos mesmos. Nas filas están os estándares de aprendizaxe avaliáveis e nas columnas, os niveis de calidade.

As rúbricas para cada estándar están adecuadas ao nivel de dificultade e complexidade das actividades propostas; detallan o que se espera de cada estándar e en que nivel para cada alumno ou alumna.

Na materia de música, os obxectivos de coñecemento, axustados aos criterios de avaliación, móstranse de forma interrelacionada e cada actividade presenta estándares de aprendizaxe avaliáveis dos diferentes bloques.

- Interpretación e creación
- escoita
- Contextos musicais e culturais
- Música e tecnoloxías

As actividades implican mecanismos complexos e competenciais de maneira que se integren os contidos de todos os bloques. Os estándares de aprendizaxe avaliáveis encóntranse presentes en maior o menor grado en todas as actividades.

Así mesmo, cada audición, interpretación ou creación precisa coñecementos e habilidades combinadas.

Criterios de corrección

En cada actividade a realizar se especifican os criterios de corrección. Así, nas audicións, todas as preguntas ben puntúan con un positivo; unha ou dúas preguntas mal puntúan medio positivo e con máis de dous preguntas mal a audición xa non puntúa nada. Se non se fan ou non se entregan ao profesor puntúan cun negativo. Os ditados ben ou con un erro puntúan o positivo completo; se teñen dous ou tres erros puntúan con medio positivo; con máis de tres erros o ditado non puntúa nada. No resto de probas, os exercicios e as preguntas cun erro non puntúan nada. Os xogos, traballos de creación-interpretación e de investigación-exposición evalúanse con listas

de cotexo, escalas ou rúbricas consensuadas co alumnado. A non entrega de traballos en tempo e forma puntúa con cinco negativos se a avaliación é por positivos, ou un cero se a avaliación é por lista de cotexo, escala ou rúbrica de 0 a 10. Os traballos en grupo tamén se avaliarán en autoavaliación e/ou coavaliación cun máximo de dous positivos cada unha. As prácticas de interpretación, movemento e danza e relaxación puntúan un positivo se se fan completas e ben e medio se se fan a medias; Se non se rematan ou a actitude non é de traballo serio, puntúan cun negativo. Algunhas prácticas, pola súa complexidade, puntuarán con dous positivos consensuándoo co alumnado.

Procedementos de avaliación

Na avaliación do alumnado empregaremos a avaliación individual e colectiva, a autoavaliación, a coavaliación e a coavaliación intragrupal. Aplicaremos técnicas semiformais e formais variadas (observación sistemática, análises das producións dos alumnos, intercambios orais cos alumnos, probas específicas, rúbricas, intereses e actitudes...) empregando diversos instrumentos (escalas, listas de control, resumes, textos escritos, producións orais e musicais, resolución de exercicios e problemas, investigacións, xogos, postas en común, asembleas, probas obxectivas e probas abertas, probas de interpretación de datos, exposicións, probas de capacidade motriz, probas de destreza auditiva e interpretativa, etc.)

A avaliación referirase non só á adquisición de coñecementos conceptuais, senón tamén, ó dominio das capacidades e procedementos fixados no currículo; así como a asistencia, o traballo, e ás actitudes manifestadas polo alumno-a ó longo do curso.

A pesar de que a avaliación é continua, fraccionaremos os contidos fixados en tres períodos avaliábeis de forma independente, a nota final do curso será a media entre as notas obtidas nos tres trimestres lectivos. Polo carácter práctico da materia e a interrelación entre os contidos dos distintos bloques, os contidos que non son adquiridos nunha actividade aparecen noutras nas que si poden ser adquiridos. Por isto, as sucesivas actividades do curso pasan a ser tamén actividades de recuperación.

Os alumnos que suspendan a materia, deberán asistir as probas extraordinarias de setembro. Os alumnos que perdan o dereito á avaliación continua poderán facer ditas probas en xuño e os que teñan a materia pendente poderán facelas en maio.

Instrumentos de avaliación

Na avaliación do alumnado empregaremos diversos instrumentos:

- Escalas
- Rúbricas
- Listas de cotexo
- Resumes
- Textos escritos

- Producións orais
- Producións musicais
- Producións de movemento e danza
- Probas de capacidade motriz
- Probas de destreza auditiva e interpretativa.
- Resolución de exercicios e problemas
- Investigacións
- Xogos
- Postas en común
- Asembleas
- Probas obxectivas e probas abertas
- Probas de interpretación de datos
- Exposicións
- Ditados, etc.

Criterios de cualificación

Para acada-lo aprobado o alumno/a ten que acada-los contidos mínimos establecidos para a materia e obter un cinco de nota media final. Ditos contidos agrupan e combinan comportamentos, procedementos e conceptos, pois de non ser así o alumno non pode acada-los obxectivos de etapa e non permite que os compañeiros os acaden, dada a estreita relación que hai entre eles nesta materia. É necesario potenciar actitudes que permitan que as clases de música transcorran nun clima de respecto, de participación e de atención á diversidade do alumnado. O mal comportamento, a desidia no traballo ou na asistencia, a non participación nas actividades da aula, ou non respecta-las normas de convivencia ou educación na mesma, son motivos máis que suficientes para non acada-lo aprobado na materia pois inciden de maneira directa non só sobre o desenvolvemento do alumnos/a en cuestión senón tamén sobre o desenvolvemento dos compañeiros.

Os alumnos realizarán exames e traballos de composición e interpretación, así como traballos de investigación e exposición na aula que puntuarán de 0 a 10. Elaborarán resumos de textos e temas do libro, cuestionarios sobre as unidades traballadas na aula, farán xogos de preguntas e respostas sobre os contidos traballados, exercicios de interpretación instrumental e vocal, de movemento e danza, de discriminación e recoñecemento auditivo, prácticas de organización de concertos (localización, temporalización, elaboración do proxecto, coordinación do mesmo, escenografía, vestuario, publicidade, etc.), actividades de informática musical, etc. En xeral, asumiremos todo tipo de actividades vinculadas coa materia que xurdan ó longo do curso, especificando para cada unha de elas cales serán os criterios de corrección e puntuación. Estas actividades serán valoradas con positivos e negativos. Cada negativo eliminará un positivo, e a actitude e a participación en clase, así como o traballo dentro e fóra dela, pode ser premiado cun positivo ou sancionado cun negativo. Ao final de cada trimestre obterase unha nota numérica de 0 a 10 en función do número de

actividades realizadas e do número de positivos obtidos. O número máximo de positivos posible representará o 10 e o resto de notas, de 0 a 9, obterase por correlación lineal. A nota final será a media de todas as notas numéricas de 0 a 10 obtidas durante o trimestre.

Na ESO a falta de asistencia reiterada ás actividades de formación é motivo de perda do dereito de avaliación continua. Isto sucedera cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 10% do horario establecido ou cando o número de faltas xustificadas supere o 20% do horario establecido. Os alumnos/as que perdan dito dereito terán que realizar un exame que versará sobre os contidos do curso correspondente. Tamén se realizarán probas de recuperación parciais se o profesor o considera necesario.

Procedementos para a realización da avaliación inicial

- Realización de probas específicas referidas aos mínimos esixibles e baseadas en exercicios variados (preguntas cortas, preguntas a desenvolver, completar, relacionar, verdadeiro/falso, corrección de erros, selección e clasificación de elementos, resposta múltiple, lectura, recoñecemento auditivo, produción, etc.). Tamén faremos probas de recoñecemento auditivo, lectura e produción musical que non serán avaliadas numericamente.
- Elaboración de cuestionarios individuais que posteriormente se traballarán e debaterán na clase de xeito colectivo. Este curso o cuestionario versará sobre os seus gustos e coñecementos musicais, as súas inquiredanzas e intereses musicais, as actividades artísticas que desenvolven ou desenvolveron e o ambiente musical no seu entorno.
- Participación en debates.
- Realización de entrevistas persoais

Medidas de atención á diversidade

A diversidade na aula pode afectar a varios aspectos que, a súa vez, poderíamos sintetizar en catro:

- diversidade cultural, xeográfica ou económica
- diversidade de intereses musicais, o antimusicais
- diversidade de aptitudes ou capacidades
- discapacidades dalgún tipo

O profesor debe dar resposta educativa á diversidade dende unha actitude aberta e receptiva, atopando solucións adaptadas ás necesidades en cada caso. Para iso a experiencia musical fórmase dende diferentes vías: interpretación, indagación, creación, reflexión, debate, escoita, etc.

As actividades admiten diferentes niveis de afondamento e complexidade. Ademais, a participación dentro do grupo pódese facer a diferentes niveis. Así por exemplo, na práctica instrumental, se presentan pasaxes improvisatorios, liñas rítmico-

melódicas e acompañamentos sinxelos. Isto permite unha interpretación adaptada a cada grupo e unha distribución de papeis segundo as habilidades individuais de cada alumno/a. Considerando que a interpretación colectiva funciona como un engranaxe, o esforzo e as posibilidades de cada alumno/a contribuirán da mesma maneira ó efecto global e ó éxito da peza. A avaliación inicial é unha boa ferramenta para detectar esas diferenzas nos niveis e nos permitirá facer os axustes necesarios para unha boa marcha da clase. Noutras actividades, nas que o alumnado soe ter máis dificultades, como por exemplo as audicións comprensivas, a metodoloxía cooperativa facilita a adquisición dos contidos e o logro dos obxectivos axustando a participación do alumno dentro do grupo a súas capacidades.

Outro aspecto onde podemos atopar dificultades á hora de axustar os niveis do alumnado é a creación. Para facilitarlles a tarefa ós alumnos e alumnas as actividades de creación fórmulanse en grupo cando poden resultar complexas, fomentando a aprendizaxe cooperativa; e fórmulanse de xeito individual cando son actividades accesibles a todos eles.

Programa de educación en valores

A música, pola súa condición de ciencia e arte, colabora no desenvolvemento da persoa no plano intelectual (organización de ideas), emocional e afectivo (expresión persoal e interrelación cos demais).

Por todo isto a música posúe un gran potencial no desenrolo do equilibrio persoal e a formación de hábitos de escoita, control, cooperatividade, tolerancia e respecto polos demais e polo entorno.

Dende a área de Música contribuiremos ao programa de educación en valores cos seguintes obxectivos:

- Afondar no respecto e tolerancia cara outras culturas e cara a pluralidade cultural de España a través do coñecemento e desfrute das súas manifestacións musicais.
- Valora-lo esforzo compartido e o esforzo individual a través do traballo en grupo
- Desenvolver a responsabilidade e o respecto aos demais.

Contidos:

- Diferenciación das características básicas dos ritmos latinos, o flamenco, o gamelán e o jazz.
- Valoración da participación efectiva nun grupo para a consecución dos obxectivos.
- Reflexión sobre os procesos de adquisición de coñecementos propios e alleos.

Actividades:

- Audicións activas e prácticas de interpretación e baile de ritmos latinos, flamencos, gamelán e jazz.
- Creación, interpretación e investigación en grupo.
- Participación nos procesos de avaliación mediante a autoavaliación e a coavaliación.

Os instrumentos de avaliación e criterios de corrección serán os xa expostos nos correspondentes apartados.

Accións de contribución ao plan TIC

A área de Música ten bloques de contidos que están directamente ligados ao desenvolvemento da competencia dixital. O traballo no bloque de contidos “As tecnoloxías aplicadas ao son” de Bacharelato e “Música e tecnoloxías” de 3º da ESO é a nosa achega á adquisición de dita competencia. Nas táboas figuran os obxectivos e os criterios de avaliación. Os instrumentos de avaliación figuran no seu apartado específico.

Accións de contribución ao plan de convivencia

O departamento de música contribúe á mellora da convivencia traballando pola inclusión da metodoloxía cooperativa nas aulas, aplicando os principios de atención á diversidade que se inclúen nesta programación, traballando na aula cunha metodoloxía participativa na que se fomenta a adquisición de hábitos democráticos e de respecto mutuo, motivando ao noso alumnado a participar no programa de mediación entre iguais para a resolución de conflitos e fomentando as actividades musicais en grupo e o traballo en equipo a través do traballo na aula e das actividades extraescolares. Nas táboas se recollen as actividades programadas en función desta metodoloxía, os criterios de avaliación e os instrumentos de avaliación que inclúen descritores para medir o grado de participación, traballo e respecto.

Accións de contribución ao proxecto lector

A lectura é sen dúbida un dos cabalos de batalla no contexto educativo. Se conseguimos que os alumnos lean ben, teñan unha boa comprensión lectora, unha boa dicción, un bo ritmo e unha boa entoación, a lectura converterase nun instrumento esencial de aprendizaxe, de comprensión da realidade e de integración cultural e social. Co fin de contribuír á consecución destes obxectivos a área de música traballará na aula con metodoloxía cooperativa e traballos en grupo nos que os alumnos terán que buscar información en diversas fontes na procura datos; ler, seleccionar e tratar textos; traballar a comprensión lectora facendo resumos e

esquemas aos seus propios compañeiros e expoñer oralmente traballos escritos. Na avaliación destes traballos e da comprensión lectora participará o propio alumnado.

Tamén contribuiremos ao desenvolvemento da capacidade de ler en varias linguas de forma amena, traballando cancións na súa versión orixinal.

Finalmente, motivamos ao alumnado á lectura de textos literarios, dando a posibilidade de subir nota mediante a realización voluntaria dunha proba de comprensión lectora sobre a lectura de novelas recomendadas de contido musical que o departamento ten a disposición do alumnado na biblioteca do instituto. (“El Enigma Vivaldi” de Peter Harris, “La Décima Sinfonía de Beethoven” de Joseph Gelinek, “El violín del Diablo” de Joseph Gelinek, “Morir a los 27” de Joseph Gelinek)

Actividades complementarias e extraescolares

Se é posible, realizaranse as seguintes actividades complementarias e extraescolares:

- Continuaremos coas clases voluntarias de canto e práctica instrumental nos recreos
- Participaremos na festa do magosto e na celebración do día da paz cun baile e un pequeno concerto
- Con motivo do día das letra galegas organizaremos un pequeno espectáculo musical
- Montaremos un Flashmob para final de curso e realizaremos unha saída dun día no mes de xuño para facelo en público.
- Trataremos de asistir a algunha actividade musical que se realice fóra do centro. Como un concerto de música do século XX en Vigo durante o primeiro trimestre, unha viaxe a Celanova xunto co departamento de galego para coñece-lo órgano durante o segundo trimestre e unha viaxe a Madrid para asistir a un musical durante o terceiro trimestre.
- Organizaremos algún concerto ou espectáculo fóra do centro.
- Participaremos, dentro do posible, nas festas e actividades do centro.
- Organizaremos actividades de coro e conxunto instrumental

Todas estas actividades levaranse a cabo cos diferentes cursos, procurando que poidan participar todos os nenos/as, incluíndo os que non teñan música como materia e ós antigos membros do coro que, non sendo xa alumnado do centro, desexen participar nas actividades.

Ademais o departamento ofrece novela de temática musical e unha fonoteca con servizo de préstamo na biblioteca do instituto.

Obxectivos:

- Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- Desenvolver a sensibilidade artística, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- Saber comportarse como espectador/a e intérprete
- Controlar o medo escénico nas actuacións.
- Interpretar de memoria, individualmente ou conxuntamente, fragmentos de obras.
- Valorar as achegas do grupo e desenvolver o espírito crítico.
- Reforzar os contidos traballados no curso, favorecendo a consecución dos obxectivos do mesmo e contribuíndo ao desenvolvemento das competencias clave.

Instrumentos de avaliación:

- Rúbrica para avaliar a actitude en actividades musicais e o control do medo escénico.
- Escala de avaliación do concerto.
- Rúbrica para avaliar a escoita activa en audicións.
- Rúbrica da avaliación da practica de movemento

Contribución á adquisición das competencias clave

Co desenvolvemento destas actividades complementarias e extraescolares contribuímos á adquisición das seguintes competencias clave:

- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Mínimos esixibles e actividades de reforzo/recuperación

Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Actividades de reforzo/recuperación
Bloque 1. Interpretación e creación		
MUB1.1.1. Aplica as habilidades	Aplica as habilidades técnicas	Prácticas de interpretación

Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Actividades de reforzo/recuperación
técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.	necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.	Lectura e resumo de textos obrigados
MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación.	Le partituras sinxelas a una voz en clave de sol como apoio á interpretación.	Prácticas de lectura e interpretación
MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.	Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.	Lectura e resumo de textos obrigados
MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.	Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.	Prácticas vocais, instrumentais e de movemento e danza Prácticas de memorización
MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.	Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para e compor música.	Exercicios de creación
MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.	Utiliza, seguindo unhas pautas marcadas, recursos informáticos ao servizo da creación musical.	Exercicios de creación
MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.	Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.	Lectura, resumo e exercicios sobre textos obrigados
Bloque 2. Escoita		
MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.	Analiza e comenta, seguindo esquemas dados, as obras musicais propostas.	Exercicios de análises de audición e crítica musical
MUB2.1.2. Le e analiza partituras	Le e analiza partituras como apoio	Exercicios de análises de audición

Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Actividades de reforzo/recuperación
como apoio á audición.	á audición.	con apoio de partituras e exercicios de análises de partituras
MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.	Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.	Lectura e resumos de textos obrigados Exercicios de análises de críticas musicais
MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.	Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música	Lectura e resumos de textos obrigados Exercicios de crítica musical e análises de audición e de partituras
MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbese utilizando unha terminoloxía axeitada.	Recoñece e compara os trazos distintivos das obras musicais traballadas na clase, e descríbese utilizando unha terminoloxía axeitada.	Exercicios de análises de audición e partitura Resumo de textos obrigados
MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.	Sitúa as obras musicais traballadas na clase nas coordenadas de espazo e tempo.	Lectura e exercicios sobre textos obrigados Análises de audición e de partituras
MUB2.4.3. Aмосa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.	Aмосa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.	Lectura e resumo de textos obrigados
MUB2.5.1. Aмосa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.	Aмосa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.	Lectura e resumo de textos obrigados
MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.	Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.	Lectura e resumo de textos obrigados Exercicios de crítica

Bloque 3. Contextos musicais e culturais

Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Actividades de reforzo/recuperación
MUB3.1.1. Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.	Amosa respecto polo patrimonio musical español e galego.	Lectura e resumos de textos obrigados
MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social	Coñece as testemuñas máis importantes, traballadas na clase, do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social	Lectura e resumos de textos obrigados Análises de audición
MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.	Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo traballadas na clase e identifica as súas características fundamentais.	Lectura e resumos de textos obrigados Análises de audición
MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.	Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.	Lectura e resumos de textos obrigados Análises de audición
MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.	Comprende as sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.	Lectura e resumos de textos obrigados Traballos de investigación
MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.	Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.	Lectura e resumo de textos obrigados Traballos de investigación
MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.	Utiliza algún dos recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.	Elaboración de traballos
Bloque 4. Música e tecnoloxías		
MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.	Utiliza recursos tecnolóxicos para algunhas aplicacións musicais.	Lectura, resumo e exercicios sobre textos obrigados Elaboración de traballos
MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances	Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.	Lectura, resumo e exercicios sobre textos obrigados Exercicios de criticas

Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Actividades de reforzo/recuperación
tecnolóxicos.		
<p>MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.</p> <p>MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.</p> <p>MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.</p>	<p>Coñece e comprende as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual e manexa algunha delas.</p>	<p>Lectura e resumo de textos obrigados</p> <p>Elaboración de traballos</p>
<p>MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.</p> <p>MUB4.5.1. Aмосa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.</p> <p>MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.</p> <p>MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.</p>	<p>Utiliza distintas fontes de información e emprega para elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.</p> <p>Aмосa respecto polas posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.</p> <p>Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.</p> <p>Avanza no emprego da información de xeito crítico e na súa obtención por distintos medios para utilizala e transmitila mediante distintos soportes.</p>	<p>Lectura, resumo e exercicios sobre textos obrigados</p> <p>Elaboración de traballos</p>

Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Actividades de reforzo/recuperación

Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor

Os plans específicos terán como obxectivo incidir na mellora da aprendizaxe e motivación do alumnado e dedicarán especial atención aos aspectos actitudinais (mellorar os hábitos de disciplina, estudo e traballo tanto individual como en equipo). Ademais deben contribuír á mellora e reforzo de procedementos básicos como a lectura e a escritura.

A partires dos estándares de aprendizaxe non demostrados polo alumno, e das actividades de reforzo e recuperación asociadas a el, o profesor establecerá un programa de actividades personalizado para cada alumno repetidor. Ditas actividades deberán servir como reforzo para facilitarlle a adquisición das aprendizaxes coas que tivo máis dificultades o curso anterior. O profesor do curso ocuparase da elaboración e do seguimento individualizado do programa, así como da planificación temporal do mesmo.

Plan de traballo para superación de materias pendentes

Os alumnos que teñan a materia de Música pendente de cursos anteriores, seguirán un plan de traballo, baseado en actividades titoradas, destinado a mellorar os aspectos cos que tivo máis dificultades o curso pasado e recuperar as aprendizaxes non adquiridas. O alumnado coa materia pendente deberá superar a avaliación correspondente ao mencionado plan e deberá presentarse a unha proba que terá lugar en maio. De non superar a avaliación do plan de traballo ou non acadar o cinco na proba de maio os alumnos deberán presentarse ao exame de setembro que corresponda.

O profesor establecerá o plan de traballo a partires dos estándares de aprendizaxe non

demostrados polo alumno, e das actividades de reforzo e recuperación asociadas a el, Ditas actividades deberán servir para que o alumno/a poida traballar nos aspectos cos que máis dificultades tivo o curso pasado. A proba versará sobre os mínimos esixibles.

Os alumnos/as con materias pendentes pódense atopar en dúas situacións:

. Que o alumno/a pase ao curso seguinte e que estea matriculado en dita materia. Neste caso será o profesor que lle imparta clase da materia no curso vixente quen elaborará o plan de traballo, fará o seguimento ao longo do curso, o planificará temporalmente, e determinará e avaliará as probas de recuperación que o alumno/a poderá facer en maio. De non superar a avaliación do plan de traballo ou non acadar o cinco na proba de maio os alumnos deberán presentarse ao exame de setembro que corresponda.

. Que o alumno/a pase ao curso seguinte e que non estea matriculado en dita materia. Neste caso será o profesor que imparta a materia no curso ao que pasa o alumno/a quen elaborará o plan de traballo, fará o seguimento ao longo do curso, o planificará temporalmente, e determinará e avaliará as probas de recuperación que o alumno/a poderá facer en maio, todo isto en colaboración co titor/a do alumno. De non superar a avaliación do plan de traballo ou non acadar o cinco na proba de maio os alumnos deberán presentarse ao exame de setembro que corresponda.

Os alumnos que perdan o dereito a avaliación continua poderán acadar o aprobado na materia correspondente superando as probas que determine o profesor do curso. Ditas probas versarán sobre os contidos do curso e terán lugar en xuño. De non acadar o aprobado, os alumnos deberán presentarse ao exame de setembro que corresponda.

Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación das materias pendentes

Na avaliación do alumnado empregaremos diversos instrumentos dependendo dos estándares de aprendizaxe a avaliar:

- Escalas
- Rúbricas
- Listas de cotexo
- Resumes
O alumno eríxese como centro do proceso de ensinanza-aprendizaxe, como construtor do seu propio coñecemento. Fomentarase a súa participación activa de maneira que vaia asumindo progresivamente un maior protagonismo, autonomía e responsabilidade.

As aprendizaxes deben ser autenticamente significativas, deben permitir relacionar a información nova coa que xa posúen os alumnos, e deben ser funcionais, é dicir, deben permitir a súa translación e aplicación á vida e axudar á aprendizaxe doutras materias,para asegurar así a utilidade do aprendido.

Fomentarase a autoaprendizaxe.Os alumnos deben ser quen de aprender a aprender e de pensar de forma crítica.As metodoloxías deberán ser eminentemente activas eparticipativas e deberán favorecer o desenvolvemento da capacidade do alumno para aprender por si mesmo e traballar en equipo (aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe por proxectos, aprendizaxe baseada en problemas,etc.).

Débense ter en conta as peculiaridades de cada grupo e os ritmos e estilos de aprendizaxe de cada alumno en concreto, para adaptar os métodos e recursos ás diferentes situacións mediante prácticas de traballo individual ecooperativo.

Favorecerase a interacción alumno-profesor e alumno-alumno, para que se produza a construción de aprendizaxes significativas e a adquisición de contidos de claro compoñente cultural e social. O docente asumirá o rol de orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumno.

Utilizaranse a retroalimentación e a metacognición como elementos de avaliación continua que axuden en todo momento ao alumno a reconducir e avanzar na súa aprendizaxe.

Farase un enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas que o alumno debe encarar facendo un uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores.

Fomentarase o aproveitamento das TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación) como ferramentas motivadoras e fontes proveedoras de información.

As metodoloxías activas deben apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativo, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicarlas a situacións similares.

Promoverase o traballo por proxectos para axudar ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión e a crítica, a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe.

Metodoloxía específica

A metodoloxía de Música será eminentemente práctica e mesmo sen descoidar os contidos teóricos, irá encamiñada á correcta interpretación de pezas tanto vocais como instrumentais.

Os contidos básicos presentaranse como soporte e a eles deben unirse os procedementos relacionados coa análise de partituras, pezas, etc.

PRINCIPIOS	ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS DE MÚSICA	
PARTIR DA SITUACIÓN INICIAL DO ALUMNO	Empregaranse diversas técnicas (tormenta de ideas, resolución de cuestións, lecturas, escoitas previas...) para diagnosticar os coñecementos previos dos alumnos e poder así corrixir os posibles erros na aprendizaxe. Isto sentará as bases para ir engadindo novos coñecementos de maneira lóxica.	
	INSTRUMENTOS	• Repaso dos coñecementos de linguaxe musical previos.
		• Tarefas sistemáticas previas a abordar unha partitura.
		• Grao de coñecemento das obras seleccionadas para a escoita.
• Valoración das ideas previamente formadas polo alumnado sobre a música moderna e a música galega.		
CONSTRUÍR	A materia é en si mesma instrumental. Darase prioridade á comprensión dos contidos –memoria comprensiva- e a súa	

APRENDIZAXES SIGNIFICATIVAS E FUNCIONAIS	funcionalidade, de xeito que poidan relacionalos coa súa contorna real.	
	INSTRUMENTOS	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de actividades de comprensión e motivación cunha secuencia lóxica e progresiva que xere un conflito cognitivo entre os coñecementos previos e os adquiridos.
		<ul style="list-style-type: none"> • Vinculación dos contidos coa contorna real do alumno, por exemplo a través da asistencia a concertos didácticos. • Utilización de distintas estratexias e recursos metodolóxicos (presentacións, debates, vídeos, mapas mentais, etc.).
PRINCIPIOS	ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS DE MÚSICA	
APRENDER A APRENDER	Fomentarase o desenvolvemento da capacidade do alumno para recoñecer o seu proceso de aprendizaxe, aumentando así a súa eficacia, o seu rendemento e o control sobre o mesmo.	
	INSTRUMENTOS	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de noticias e datos relevantes para cada unidade empregando as TIC. • Resolución de problemas utilizando os coñecementos adquiridos.
		<ul style="list-style-type: none"> • Realización de traballos de investigación sobre os aspectos máis relevantes da música culta, da música popular e da música moderna, que en ocasións deberán expoñer en público, para favorecer a comunicación e a linguaxe escrita e oral.
		<ul style="list-style-type: none"> • Integraranse as Tecnoloxías da Información e da Comunicación e as redes sociais no desenvolvemento das distintas tarefas propostas, o que permitirá a consecución de coñecementos, habilidades e actitudes relacionadas coa contorna dixital.
ATENDER A DIVERSIDADE DOS ALUMNOS	Utilizarase unha metodoloxía activa e participativa que teña en conta o nivel de coñecementos previos e as características persoais do alumnado para que todos poidan progresar desde o seu punto de partida particular.	
	INSTRUMENTOS	<ul style="list-style-type: none"> • Plantearanse actividades de reforzo para aqueles alumnos con ritmos de aprendizaxe máis lentos e actividades de ampliación para os alumnos con ritmos de aprendizaxe máis rápidos.
<ul style="list-style-type: none"> • Empregarán recursos diversos e agrupamentos flexibles de alumnos e organizaranse e aproveitaranse adecuadamente os espazos. Aplicarase unha metodoloxía cooperativa na que o traballo se realiza en común por un grupo de alumnos, desenvolvéndose as tarefas en equipo. 		

- | | | |
|--|--|---|
| | | <ul style="list-style-type: none">• Cando sexa necesario realizaranse adaptacións curriculares. |
|--|--|---|

Estratexias metodolóxicas

A diversidade metodolóxica aconsella empregar unha ampla gama de estratexias didácticas que combinen as de maior peso expositivo con aquelas de indagación.

Estratexias expositivas:

Son as que consisten en presentar os alumnos e alumnas, oralmente ou por escrito, un coñecemento xa elaborado. Serán útiles sobre todo para presentar e desenvolver contidos teóricos e para trasladar aos alumnos/as a visión e os obxectivos xerais a acadar ao comezo de cada unidade didáctica. Para logralo utilízanse esquemas, diagramas e mapas conceptuais, entre outros recursos.

Estratexias de indagación:

Son as que tratan de enfrontar ao alumno/a con diferentes problemas e cuestións nos que teñan que realizar un esforzo de reflexión sobre os distintos conceptos apresos e de interiorización dos valores actitudinais desexados. A través destas estratexias, os alumnos achéganse a situacións reais, novas e/ou

problemáticas e deben aplicar os coñecementos adquiridos, poderán desenvolver outros novos e terán a posibilidade de ofrecer solucións creativas aos problemas suscitados.

As actividades a realizar poderán ser:

Resolución de problemas ou exercicios.

Comentario de texto.

Realización de mapas mentais e esquemas.

Visualización de diferentes modos de interpretación de partituras.

Creación de partituras e acompañamentos sinxelos, guiados polo profesor.

Actividades de investigación nas que o alumno/debe recabar información en Internet.

Traballos monográficos.

Outros.

Metodoloxía de traballo na aula

Como paso previo ao desenvolvemento dos contidos, será interesante dedicar unha ou dúas sesións á presentación global da asignatura. Indicarase os obxectivos e contidos máis importantes que desenvolveremos durante o transcurso do ano escolar, así como os principais criterios de avaliación de cada unidade. Tamén se poderá realizar unha avaliación inicial dos coñecementos previos dos alumnos, que nos permitirá diagnosticar a situación de partida da nosa intervención educativa. Para avaliar esta situación inicial, poderemos usar preguntas abertas, debates, cuestionarios, crucigramas, etc.

O expresado anteriormente traducirase na aplicación do seguinte esquema de traballo a desenvolver en cada unidade didáctica:

Introducción á unidade de traballo con gallo de motivar aos alumnos/as.

Exposición por parte do profesor dos contidos que se van traballar, co fin de proporcionar unha visión global da unidade que axude aos alumnos a familiarizarse co tema que se vai a tratar. Comentarase a súa relación co resto de contidos xa abordados ou aínda pendentes de estudo. Clarificarase o que se pretende conseguir, tanto desde un punto de vista conceptual, como procedimental e actitudinal. Desta forma o alumnado terá claro os criterios de avaliación que utilizaremos, e os contidos mínimos que deberá conseguir. Nesta fase empregaremos:

Esquemas e mapas de contidos que poderemos proxectar mediante técnicas audiovisuais.

Lectura do índice de contidos de cada unidade.

Análise dos coñecementos previos dos alumnos.

A través dunha serie de preguntas iniciais de motivación-introdución que se formularán en cada unidade, o profesor realizará unha avaliación preliminar dos coñecementos de partida dos alumnos. Deste xeito preténdese predispoñelos favorablemente aos contidos e ao propio desenvolvemento da unidade didáctica, suscitando unha actitude positiva e de interese inicial. Estas cuestións iniciais poderanse realizar individualmente ou en pequenos grupos, dando lugar, nalgúns casos a pequenos debates. Para iso poderemos utilizar:

Plantexamento de actividades iniciais de comezo da unidade.

Análise da imaxe inicial que ilustra a unidade.

Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.

O profesor desenvolverá os contidos esenciais da unidade didáctica oralmente, apoiándose no libro de texto. O seu papel debe de ser de motivador, de dinamizador e guía do proceso de aprendizaxe. Para iso debe transmitir os contidos da materia dun xeito atractivo, clara, buscando a participación de todos os alumnos, tendo en conta a súa diversidade e creando un bo clima de traballo no aula.

Farase uso de variados recursos didácticos: esquemas, mapas conceptuais, exercicios, exemplos referidos á contorna máis próxima, análise de casos, comentarios de artigos de prensa, procuras en Internet, vídeos ou curtos de películas etc., coa finalidade de reforzar a aprendizaxe dos conceptos e alcanzar as competencias básicas. Un aspecto moi importante a resaltar será o uso das tecnoloxías da información e da comunicación e en especial as clases invertidas.

As clases investidas constitúen un enfoque pedagóxico que cambia o modelo de traballo e inviste os papeis dunha clase tradicional grazas ao apoio das tecnoloxías da información e a comunicación. A exposición do profesor substitúese por unha serie de materiais en liña, que poden ser vídeos, lecturas, etc. que o alumno pode consultar e visualizar as veces que necesite e que inclúen o contido teórico e procedimental dunha materia. O tempo de clase, pola súa banda, dedícase a actividades prácticas nas que o profesor intervén como guía.

Traballo individual dos alumnos desenvolvendo as actividades propostas.

Os alumnos realizarán distintos tipos de actividades, para asimilar, aplicar, clarificar, reforzar e no seu caso ampliar o apreso. Estas actividades iranse suscitando a medida que se desenvolvan as unidades e dun xeito gradual, de menor a maior grado de dificultade e atendendo ás características do grupo e de cada alumno. Todo este traballo será realizado baixo a supervisión persoal do profesor, que analizará as dificultades e orientará e proporcionará as axudas necesarias. As actividades a realizar serán:

Actividades de desenvolvemento que deberán realizar todos os alumnos.

Actividades de reforzo para alumnos con ritmos de aprendizaxe máis lentos.

Actividades de ampliación máis complexas para aqueles alumnos con ritmos de aprendizaxe máis rápidos que requirirán un esforzo de indagación e do uso das TIC.

Actividades relacionadas coas clases invertidas.

Traballo en pequenos grupos para fomentar o traballo cooperativo.

Os alumnos levarán a cabo actividades en pequenos grupos (aprendizaxe baseada en problemas, actividades de pensamento crítico, etc.) para desenvolver un traballo cooperativo que lles servirá tamén para mellorar a iniciativa e a investigación. A continuación, pódense comentar as liñas de investigación, as dificultades, os erros atopados, mediante unha discusión en clase moderada polo profesor e consistente nunha posta en común dos grupos. As actividades a realizar serán:

Actividades propostas no desenvolvemento dalgunhas unidades.

Actividades de apoio e reforzo das clases invertidas.

Variedade de instrumentos didácticos.

A presenza de distintos formatos (libro do alumno, recursos dixitais, textos, etc.) no proceso de ensino-aprendizaxe contribúe a desenvolver as capacidades e as habilidades do alumnado, así como a enriquecer a súa experiencia de aprendizaxe e comprensión.

Resumo e síntese dos contidos da unidade.

Ao finalizar cada unidade didáctica repasaranse os contidos estudados e relacionaranse cos conceptos principais. Para iso utilizaranse:

Preguntas que figuran ao final de cada unidade.

Actividades de ampliación e reforzo.

Ferramentas TIC para afondar os coñecementos.

Mapas conceptuais.

Agrupamento de alumnos

Os alumnos teñen coñecementos previos, competencias, estilos e ritmos de aprendizaxe diferentes. Cando falamos de agrupar aos alumnos referímonos a situalos segundo as súas calidades persoais, preferencias, intereses e potencial no grupo máis adecuado, para que obteñan os mellores resultados académicos e interactúen de forma diferente con compañeiros distintos. Á hora de realizar as agrupaciones debemos seguir as seguintes regras:

Identificar as características persoais de cada integrante.

Definir claramente os obxectivos últimos a lograr polo grupo.

Establecer unha planificación temporal adecuada.

Determinar as regras e a organización do grupo.

Fixar as responsabilidades de cada integrante do grupo.

Cada profesor, atendendo á diversidade do seu alumnado decidirá o tipo de agrupamento que considere máis axeitado para acadar os obxectivos pedagóxicos. Con todo, o principio de heteroxeneidade do alumnado é o máis axeitado á hora de realizar os agrupamentos, pois facilita a interacción e a integración de alumnos con diferentes necesidades educativas. As modalidades de agrupamento que se poderán realizar son as seguintes:

TIPO	DEFINICIÓN	ACTUACIÓNS
Individual	Todos os alumnos deben realizar unha tarefa de maneira persoal e independente.	<ul style="list-style-type: none"> • Tarefas individuais • Actividades de avaliación e control • Lecturas • Actividades de reforzo
Gran grupo	Todos os alumnos participan na actividade como un único grupo.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación dun tema • Debates • Exposicións orais: Xogos, Dramatizacións, interpretacións.

Pequenos grupos	Grupos reducidos de alumnos de diferente natureza de acordo co obxectivo que se persigue.	AGRUPAMENTO HOMOXÉNEO (grupos de alumnos semellantes en canto a coñecementos previos, intereses ou capacidades)	<ul style="list-style-type: none"> • Aprendizaxe cooperativa – grupos heteroxéneos- • Aprendizaxe colaborativa –grupos homoxéneos- • Traballos de investigación • Aprendizaxe baseada en problemas (ABP) • Actividades de pensamento crítico (TBL) • Enquisas
		AGRUPAMENTO HETEROXÉNEO (grupos de alumnos con diferentes capacidades ou con diferentes niveis de habilidade).	
		AGRUPAMENTO FLEXIBLE (combinación de distintos agrupamentos dentro da aula en función do obxectivo fixado e da natureza da actividade).	

Organización do espazo.

A organización do tempo e o espazo de aprendizaxe é un factor esencial á hora de poñer en práctica as distintas metodoloxías didácticas. Á hora de rediseñar a aula debemos ter en conta:

Axustar a distribución do espazo ás actividades que se van a desenvolver na aula (traballo cooperativo, debates, exposicións orais, resolución de problemas, etc.), á diversidade dos alumnos e ás funcións que queremos que se desenvolvan en cada área.

Crear espazos interactivos que fomenten a aprendizaxe colaborativa, faciliten o enriquecemento mutuo, a socialización dos alumnos, a atención á diversidade e que estimulen a creatividade e potencien as habilidades e intelixencias múltiples dos alumnos.

Facilitar a presentación e exposición de traballos e la difusión de ideas nas súas distintas formas (oral, visual, escrita...).

Favorecer o uso das TIC de modo que os alumnos poidan desenvolver a competencia dixital nas súas distintas formas (procura de información en Internet, visualización de recursos online, elaboración de materiais dixitais, etc.).

ESPAZO	DISTRIBUCIÓN E ACTIVIDADES
Dentro da aula	Filas horizontais: explicacións e rondas de preguntas e respostas. En forma de U ou en círculo: traballo individual, debates, posta en común. Pequenos grupos: traballos colaborativos e proxectos.
Fóra da aula	Sala de informática: actividades TIC. Biblioteca: investigación e proxectos. Salón de actos: conferencias.
Fóra do centro	Asistencia a concertos.

Materiais e recursos didácticos

Libros do alumno. (Préstamo de aula)

Material de consulta na aula e na biblioteca escolar

Revistas e periódicos

Instrumentos de aula (frutas, Instrumentos Orff, piano, teclados, batería, instrumentos tradicionais...)

RecursosTIC :

Ordenador con canón proxector.

Videos e curtos de películas.

Procesador de textos.

Software de deseño de presentacións.

Software de notación musical.
Software de edición de audio/vídeo.
Equipo informático da aula de música

Avaliación

Criterios de avaliación e progreso do alumnado

É moi importante comunicar con detalle ao alumnado os criterios de avaliación que aplicaremos, a súa temporalización e a súa instrumentalización. Neste sentido, farase saber sempre a puntuación asignada a cada actividade concreta e a cada cuestión ou exercicio de cada proba obxectiva (por escrito e de destreza interpretativa) que se realice. Para cada unidade, comentaremos co alumnado, o progreso que vai efectuando, as dificultades pendentes por superar e os conceptos, estándares e competencias nos que debe profundar. Isto permitiralle coñecer en todo momento a situación do proceso de aprendizaxe en que se atopa, facilitará a clarificación dos obxectivos pendentes por conseguir e fará que tome conciencia das súas posibilidades e das dificultades por superar, propiciando a construción de estratexias de aprendizaxe motivadoras.

Nesta proposta didáctica propónse a combinación de unidades teóricas e unidades prácticas en cada avaliación. Con iso preténdese facer máis dinámicas as clases, evitando caer na monotonía que supón facer a materia excesivamente teórica. Iso redundará nunha maior motivación e unha mellor asimilación dos contidos

Debe ser obxectiva, continua e formativa, é dicir estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, co fin de detectar as dificultades no momento en que se produzan, pescudar as súas causas e en consecuencia adaptar as actividades segundo conveña. Os referentes da avaliación continua serán os criterios de avaliación concretados nos estándares de aprendizaxe e o grado de consecución de cada competencia clave.

Por outra parte será integradora e diferenciada ,xa que debe ter en conta as capacidades xerais establecidas para Educación Secundaria Obrigatoria a través da materia de Música.

Será individualizada porque ten en conta a evolución persoal de cada alumno.

É orientadora ,posto que proporciona a información necesari para a mellora do ensino e, xa que logo, constitúe unha guía de actuacións futuras. Para iso esíxese ter en conta a actividade diaria do alumno e valorar todo o que intervéñ no seu proceso de aprendizaxe.

A avaliación realizarase en distintos momentos:

Avaliación diagnóstica ou inicial. Ten un carácter predictivo e de diagnóstico ao comezo do curso ou da unidade didáctica e permite determinar as limitacións e fortalezas dos estudantes. A súa función primordial é situar ou clasificar os coñecementos dos que parten, detectando concepcións previas erróneas que será necesario corrixir. Pódense deseñar probas específicas, pero na maior parte dos casos, formularanse preguntas ao grupo de alumnos, ou a alumnos concretos.

Avaliación formativa ou procesual. Lévese a cabo durante o desenvolvemento das unidades didácticas, na execución das actividades previstas e mediante ela o profesor fará un seguimento ou control da calidade dos coñecementos adquiridos para tomar decisións de mellora sobre a marcha. Doutra banda, os propios alumnos tamén obterán información sobre o seu traballo e os resultados que están obtendo. Lévese a cabo mediante probas, informes escritos e orais e actividades.

Avaliación sumativa, final ou integradora. Realízase ao final das unidades didácticas e pretende comprobar os resultados obtidos en relación cos obxectivos propostos a través dos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe. Finalmente, a avaliación sumativa, que consta da suma total dos resultados de todas as probas e medios de avaliación no curso, permite clasificar ou promocionar para o curso seguinte.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Enténdese por procedementos de avaliación aos métodos a través dos cales se leva a cabo a recolleita de información sobre adquisición de competencias básicas, dominio dos contidos ou logro dos criterios de avaliación. O procedemento responde a como se leva a cabo esta recolleita.

Enténdese por instrumentos de avaliación todos aqueles documentos ou registros utilizados polo profesorado para a observación sistemática e o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno. Responden á pregunta con que evaluar?, é dicir os recursos específicos que se aplican.

Os procedementos e instrumentos de obtención de datos deben ofrecer validez e fiabilidade na identificación das aprendizaxes adquiridas. A continuación detállase unha relación de procedementos e instrumentos de avaliación que o docente poderá utilizar:

Observación sistemática.

É un procedemento esencial para comprobar o progreso do alumno, a súa actitude e interese en relación coa asignatura tanto no plano individual como na súa participación en tarefas colectivas. Neste sentido valorarase o seu interese, a súa participación, a toma de apuntes, a realización das actividades propostas, as técnicas de investigación aplicadas na resolución das actividades, a participación en debates, a actitude cara aos seus compañeiros, o

comportamento, etc. Un aspecto importante é a avaliación inicial, que se realizará ao comezar de cada unidade didáctica, o que nos proporcionará unha información moi útil que servirá de apoio ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

Análise das producións dos alumnos. Entre elas podemos mencionar:

Monografías.

Resumos.

O caderno de clase.

A resolución de exercicios e problemas.

Mapas conceptuais.

Producións orais e audiovisuais.

Intercambios orais cos alumnos.

Diálogos.

Entrevistas.

Debates.

Postas en común.

Probas específicas.

Interpretación de partituras. Medidas con entonación axeitada e interpretación coa fruta.

Bailes e danzas.

Exposición dun tema.

Resolución de exercicios e problemas.

Cuestionarios.

Actividades de aprendizaxe basadas en problemas e actividades de pensamento crítico.

Criterios de cualificación

Comentamos máis arriba, nos procedementos e instrumentos de avaliación, que se procederá á realización de probas, tanto orais como escritas, para comprobar o grao de consecución dos obxectivos descritos nesta programación.

Cos resultados destas probas, expresados en díxitos, farase unha nota media.

.- A proba oral, feita de xeito individualizado, farase sobre catro pezas musicais, valoradas cun 2 puntos como máximo cada unha, podendo acadar o alumno un máximo de 8 puntos se o fai axeitadamente, sen dúbidas nin erros:

. - medila axeitadamente 1 punto cada unha

.- interpretala coa frauta 1 “ “ “

Todas as pezas que son obxecto de exame son as que se traballan na aula.

.- As probas escritas constan de seis cuestións que teñen que desenvolver axeitadamente sobre os contidos traballados na aula. Esta proba valorarase ata 6 puntos.

Coa media destes dous resultados obterán o 70% da súa cualificación. O 30% restante acadarano cos apartados das competencias musicais que aparecen na ficha de control do profesor (2 puntos), e co que obteñan do resultado do seu comportamento e actitude de aula (1 punto)

Dentro desas competencias teñen a posibilidade, como se ven facendo desde hai varios cursos, de facer un traballo de exposición na aula sobre calquera tema que este relacionado co mundo da música: grupos actuais, grandes clásicos, construción de instrumentos, interpretación de pezas, danzas...

Estes traballos son, por suposto, de carácter voluntario, e terán unha sólida base de busca de información en bibliotecas (do centro, públicas), a través da rede, consulta con grupos do entorno, que ten unha forte tradición musical, etc.

Poderán facer un por trimestre, coa posibilidade de mellorar ata un 0,5 o seu resultado final.

Mínimos esixibles

Lectura correcta de catro das pezas traballadas ao longo do curso (escollidas por eles), con soltura e precisión nos compases de subdivisión binaria: 2/4, 3/4, 4/4

Interpretación de catro pezas coa frauta, escollidas por eles, do repertorio traballado no curso

División correcta de compases: poñer líneas divisorias

Distinguir as ligaduras de unión das de expresión

Recoñecer os principais termos relacionados co TEMPO e coa INTENSIDADE

Recoñecer os principais signos de prolongación

Distinguir os signos de repetición: símbolos, palabras e barras

Distinguir os signos de alteración e o seu uso: bemol, becuadro e sostido

En resumo, recoñecer os elementos básicos da linguaxe musical e interpretar, lendo e tocando catro pezas das traballadas no curso da súa elección.

Clasificación de instrumentos nas súas familias

Clasificación das voces

Avaliación do proceso do ensino e da práctica docente.

Indicadores de logro da práctica docente

	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				

2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensinanza – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
16. Medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, refuerzo, recuperación, ampliación...				

Avaliación da programación didáctica

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

Periodicidade coa que se revisará.

Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.

Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.

Indicadores

	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades/temas/proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e a temporalización das unidades didácticas/temas/proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación responde á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unidade, tema ou proxecto.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na calificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (en caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos.				

16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos...				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun examedunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguemento de materias pendentes.				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguemento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións:

Seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes

O alumnado coa materia pendente será informado polos respectivos titores das actividades e probas de recuperación que trasladará a xefatura de departamento.

Faranse traballos indicados por trimestre que serán entregados correctamente nas datas sinaladas.

Tamén farán a proba que se realizará no mes de maio, baseada nos contidos mínimos da materia.

Medidas de atención á diversidade

Diversidade na programación.

O tratamento de contidos conceptuais en cada unidade debe levarse a cabo en tres niveis:

Planteamento de ideas xerais e de esquemas que permitan a comprensión global dos aspectos esenciais por parte do conxunto dos alumnos.

Profundación e estudo detallado de elementos concretos en función das capacidades individuais e do nivel de desenvolvemento que se acadasen na aprendizaxe.

Traballo práctico en cada unidade mediante a realización de actividades de diverso tipo.

Diversidade nas actividades e materiais.

As actividades de cada unidade deben reflectir esta diversidade. Unhas servirán para comprobar o grao de comprensión dos contidos básicos por parte do alumno e corrixir as adquisicións erróneas. Outras deberán comprobar a capacidade de xuízo crítico e de análise de problemas por parte dos alumnos. Outras reforzarán os conceptos estudados e outras profundarán neles e permitirán unha avaliación a distintos niveis. Desta forma, propoñemos diferentes tipos de actividades:

Actividades de diagnóstico. Ao comezo de toda unidade didáctica presentaranse unha serie de actividades iniciais para coñecer o punto de partida do alumno e a diversidade dos seus coñecementos previos. A posta en común realizarase mediante a configuración de grupos reducidos.

Actividades de desenvolvemento, secuenciadas segundo o grao de complexidade. A secuenciación graduada de actividades fai posible traballar os mesmos contidos con diferentes niveis de estudo para atender á diversidade do alumnado.

Actividades de reforzo. Propoñeranse nalgúns casos actividades de reforzo dos contidos, procedementos e técnicas de análises co fin de axudar a aqueles alumnos que presenten maiores dificultades e precisen corrixir e consolidar determinados conceptos ao non alcanzar os contidos mínimos. Esta medida requirirá unha especial atención cara a eles por parte do docente durante a realización das actividades e a exposición dos contidos, reforzando os seus coñecementos e resolvendo as súas posibles dúbidas e interrogantes.

Actividades de ampliación. Para aqueles alumnos con capacidade superior á media ou superdotación, proporcionaranse actividades de profundización e ampliación de variada índole que permitan aproveitar o seu potencial.

Actividades de avaliación. En todos os bloques temáticos (ou división menor de contidos segundo sexa oportuno) inclúiranse este tipo de actividades que permiten valorar a aprendizaxe dos alumnos e profundar naqueles aspectos que precise cada un deles.

Actividades individuais e colectivas. Haberá actividades que vaian dirixidas a cada alumno individualmente e outras que se dirixan aos alumnos agrupados en pequenos grupos -traballo cooperativo- Estas últimas xogan un papel esencial na aprendizaxe paralela de actitudes e valores.

Diversidade na metodoloxía

Unha estratexia expositiva nos contidos básicos. Todas as unidades recollen contidos mínimos conceptuais, claramente remarcados, para que todos os alumnos/as poidan acalos. O obxectivo é asegurar que eses contidos básicos son adquiridos por todos os discentes, definindo claramente o nivel que se quere alcanzar en cada caso. Unha metodoloxía adecuada son as clases investidas.

Unha estratexia indagatoria no caso dos contidos específicos, voluntaria ou non, que permita aos alumnos profundar nas súas investigacións segundo sexan as súas distintas capacidades e intereses.

Si coa práctica docente diaria se observa na aula a existencia de alumnos con especiais caracaterísticas que requirisen formulacións particulares, ofreceráselles, co apoio e asesoramento do Departamento de Orientación, vías adaptadas ás súas necesidades. Estas vías específicas buscarían o máximo desenvolvemento das súas capacidades para que puidesen acceder a metas iguais ás propostas aos seus compañeiros. Se as dificultades que amosase o

alumno fosen superiores, suscitárase xunto co resto de Departamentos e a coordinación do Departamento de Orientación do centro, as correspondentes adaptacións curriculares.

No caso de contar con alumnos con problemas de audición ou de visión, intentácese adaptar a aula ás súas necesidades e se é necesario solicitarase unha adecuación maior dos medios do aula para este tipo de persoas.

O profesor, ao finalizar a clase intentará asegurarse de que os alumnos entenderon o explicado, e no caso de que non sexa así, adoptará as medidas xa expostas que sexan precisas.

Accións complementarias

Elaboración dunha detallada avaliación inicial.

Modificación da composición dos grupos previstos para a realización de tarefas colectivas facéndoos máis heteroxéneos en ritmos, capacidades, etc.

Modificación da temporalización prevista.

Modificación e adaptación das técnicas e criterios de avaliación.

Titorías de reforzo á marxe das clases, a concretar co alumno.

Repaso diario da clase anterior.

Cambio de lugar dos alumnos no aula.

Aumento da variedade de recursos didácticos empregados.

Insistir nos reforzos positivos para mellorar a autoestima.

Axudar a mellorar as técnicas, hábitos e reparto de tempos de estudo a aqueles alumnos que o precisen.

Entregar copias de probas escritas realizadas e dalgúns exercicios ou actividades para que os traballena casa e con posterioridade pregunten as dúbidas.

Achegarse emocionalmente a aqueles alumnos que habitualmente non buscan axuda e facilitarlles que traballen en grupo.

Tratamento dos elementos transversais

Aspectos xerais

Al igual que no resto das asignaturas, na materia de Música traballárase a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

Así mesmo fomentárase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Fomentárase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.

Incorporaranse elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostenible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e maltrato ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.

Aspectos específicos

Nas distintas unidades da asignatura traballaremos os seguintes elementos transversais:

Comprensión lectora e expresión oral e escrita:

A consolidación do hábito lector debe ser un obxectivo prioritario da educación e xa que logo vese reflectido tamén na programación de Música. A lectura e a expresión oral promoveranse ao longo do curso mediante:

Lectura de artigos de revistas especializadas posterior debate na aula. Ao longo do curso, co avance das unidades didácticas, facilitaranse textos diversos que requirirán unha asimilación e comprensión por parte do alumno.

Lectura do libro de texto de referencia. O seguimento da asignatura non soamente se fará mediante as explicacións do profesor e a toma de notas ou apuntes en clase senón tamén a través do libro de texto. Pedirase aos alumnos a lectura en casa e en clase do libro para que reparen en determinados contidos e aprendan a extraer os fundamentais de cada tema mediante as técnicas do subliñado ou a realización de esquemas e resumos escritos.

Recomendación dunha bibliografía básica para a súa lectura durante os períodos vacacionais.

Biblioteca do centro e aula de informática. Organizarase algunha actividade na biblioteca do centro aproveitando os recursos de que dispón para que o alumno poida buscar información e traballar con textos tanto en formato papel como a través de soporte electrónico.

Exames e probas escritas. Prestarase especial atención á correcta escritura, orde, ortografía e caligrafía musical así como á expresión de termos e unidades propias e específicas da asignatura. Poderá fixarse algún tipo de penalización/bonificación neste sentido.

Dramatizacións o xogos de rol para ilustrar procesos, como por exemplo el proceso dedespido.

Actividades de traballo cooperativo no que se produce a socialización dos alumnos.

Exposicións con apoio audiovisual que realicen os alumnos sobre algún contido do currículo.

Comunicación audiovisual e Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

Entre as actividades a desenvolver mediante o uso das TIC podemos citar:

Presentacións multimedia.

Utilización de Internet na aula da informática, a aula de Música eo propio fogar do alumno como recurso na búsqueda de información da rede, resolución de exercicios, lecturas, actividades de clases invertidas, etc. Neste sentido cada unidade didáctica contén diversas actividades indagatorias que requiran o uso de Internet.

Proxeccións de vídeos e extractos de películas mediante ocanón disponible na aula.

Uso da relación de páxinas web que aparecen recollidas ao longo das unidades didácticas do libro de texto.

Utilización dun software gratuito de notación musical e de edición de audio.

Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias: aquelas que se realizan dentro do horario lectivo como complemento ao currículo, podendo ter lugar dentro ou fóra do aula. Son obrigatorias e avaliadas a efectos académicos.

Actividades extraescolares: aquelas encamiñadas a potenciar a apertura do centro á súa contorna e a procurar a formación integral do alumno en aspectos referidos á ampliación do seu horizonte cultural, a preparación para a súa inserción na sociedade ou o uso do tempo libre. Son xa que logo, fóra do horario lectivo, teñen carácter voluntario para o alumnado e buscan a ampliación activa de toda a comunidade educativa.

Entre as actividades que se poden propoñer salientaría a asistencia a concertos didácticos.

